

TEXTO DIALOGADO

1. **DEFINICIÓN:** Texto no que interveñen dous ou máis suxeitos que interaccionan na comunicación directa e continua e que implica o intercambio de papeis entre emisor e receptor.
2. **TIPOS:**
 - 2.1. **Conversa:** é o máis característico, é eminentemente oral, pero tamén se emprega en textos literarios (en textos narrativos e é o elemento principal dos textos teatrais).
 - 2.2. **Monólogo:** o discurso dunha persoa se dirixe a ela mesma.
3. **CARACTERÍSTICAS**
 - 3.1. Presenza de elementos non verbais
 - 3.2. Apelacións directas ao oínte “atende”, “mira”...
 - 3.3. Referencias ao emisor e receptor mediante deícticos (pronomes e posesivos).
 - 3.4. Referencias ao contexto situacional con deícticos (demostrativos, adverbios...).
 - 3.5. Espontaneidade, ausencia de planificación, avanza por asociacións.
4. **ESTRUTURA** da conversa
 - 4.1. Apertura (saúdos).
 - 4.2. Orientación (introdución do tema).
 - 4.3. Desenvolvemento (intercambio de información).
 - 4.4. Conclusión (expresións indicativas do remate da conversa).
 - 4.5. Peche (fórmulas de despedida).

TEXTO DESCRITIVO

5. **DEFINICIÓN:** texto que representa os aspectos concretos ou abstractos da realidade de xeito pormenorizado, para reproducir na mente do interlocutor unha imaxe.
6. **TIPOS**
 - 6.1. **Segundo o obxecto a describir:**
 - 6.1.1. **Prosopografía:** descrición física de persoas e animais.
 - 6.1.2. **Etopea:** descrición da personalidade.
 - 6.1.3. **Retrato:** descrición física e moral das persoas.
 - 6.1.4. **Topografía:** descrición de espazos (lugares, paisaxes, etc.).
 - 6.2. **Segundo a técnica descritiva:**
 - 6.2.1. **Estática:** ordénanse no espazo os elementos (técnica fotográfica).
 - 6.2.2. **Dinámica:** o que se describe preséntase en movemento (técnica cinematográfica).
 - 6.3. **Segundo o punto de vista do emisor:**
 - 6.3.1. **Denotativa ou obxectiva:** enumerar fielmente con precisión os trazos que definen o obxecto a describir.
 - 6.3.2. **Connotativa ou subxectiva:** transmitir as sensacións, impresións e sentimentos que o obxecto a describir produce no falante.
7. **ESTRUTURA** (tipos)
 - 7.1. Do xeral ao particular.
 - 7.2. Da forma ao contido e á inversa.
 - 7.3. De máis preto a máis lonxe (no tempo ou no espazo).

8. CARACTERÍSTICAS

- 8.1. **Recursos lingüísticos**: adxectivos cualificativos (sobre todo especificativos) e verbos en presente e imperfecto de indicativo.
- 8.2. **Recursos expresivos**: comparación, metáforas, personificacións e metonimias.

TEXTO NARRATIVO

1. **DEFINICIÓN**: relación de sucesos reais ou imaxinarios acontecidos a uns personaxes nunha situación espazo-temporal determinada.
2. **TIPOS**:
 - 2.1. **Oral**: conto popular, lenda.
 - 2.2. **Escrito**: novela, relato, carta, noticia...
3. **CARACTERÍSTICAS**
 - 3.1. Pode conter descrición, exposición, argumentación e diálogos.
 - 3.2. O elemento característico é o verbo (en pret. Perfecto, imperfecto e presente de ind.) e o adverbio.
 - 3.3. **Procedementos para evitar as repeticións**:
 - 3.3.1. **Deícticos** (a referencia non está presente no texto): pronomes persoais, demostrativos e posesivos, abverbios absolutos de lugar e tempo.
 - 3.3.2. **Fóricos** -anafóricos e catafóricos¹- (a referencia está presente no texto): pronomes persoais, demostrativos e posesivos de 3ª persoa, relativos, cuantificadores, definidos e indefinidos e os adverbios relativos.
 - 3.3.3. **Sinonimia, eufemismo², metáforas³, hiperonimia⁴ (hiperónimos e hipónimos).**
4. **MODALIDADES DO DIÁLOGO NA NARRACIÓN**:
 - 4.1. **Estilo directo**: transcríbense as propias palabras de cada personaxe (con guións ou comiñas).
Tipos:
 - 4.1.1. **Diálogo**.
 - 4.1.2. **Monólogo**: só fala un dos personaxes.
 - 4.1.3. **Soliloquio**: un personaxe fala consigo mesmo.
 - 4.2. **Estilo indirectoⁱ**: cóntase o diálogo ou o que pensan os personaxes (introducido por verbos de lingua ou pensamento e as conxuncións *que* e *se*: *dixo que... pensou que...preguntou se...*)
 - 4.3. **Estilo indirecto libreⁱⁱ**: o/a narrador/a reflicte pensamentos dos seus personaxes reflectindo a súa conciencia, en terceira persoa (como o estilo indirecto pero sen o verbo introdutor).
 - 4.4. **Monólogo interiorⁱⁱⁱ**: representa de xeito directo os pensamentos e sentimentos tal como flúen no interior da conciencia en primeira persoa: interrupcións bruscas do discurso, cambios de tema...
5. **PLANOS DA NARRACIÓN**:
 - 5.1. **PLANO DO CONTIDO**: **a historia ou argumento** son a serie de acontecementos ordenados nunha secuencia temporal protagonizada por personaxes nun marco espacial.
 - 5.2. **PLANO DA FORMA**: **o relato ou discurso narrativo** refírese ao proceso de contar unha historia elixindo un punto de vista, unha ordenación temporal e unha duración dos acontecementos. Unha mesma historia pode dar lugar a distintos relatos.

¹ Anafórico: a referencia está antes do fórico. Catafórico: a referencia está despois do fórico.

² Eufemismo: palabra que substitúe un termo tabú (o cal non está socialmente aceptado).

³ Metáfora: recurso literario consistente na substitución dun termo real por outro imaxinario co que garda unha relación de similitude figurada, non expresada.

⁴ Hiperonimia: relación de sinonimia entre un termo que dá nome a un campo semántico (hiperónimo) e os elementos que o forman (hipónimos): flor é o hiperónimo de rosa.

6. ESTRUCTURA

6.1. *Estrutura narrativa:*

- 6.1.1. **Situación inicial:** presentación do marco espazo-temporal e dos protagonistas.
- 6.1.2. **Conflito:** acción que fai que mude a situación inicial.
- 6.1.3. **Accións:** serie de acontecementos encamiñados á consecución dun fin.
- 6.1.4. **Resolución:** acción que vén resolver o conflito.
- 6.1.5. **Situación final:** situación dos protagonistas ao final do relato.

6.2. *Tipos de estrutura:*

- 6.2.1. **LINEAR:** ordenación dos acontecementos cronoloxicamente.
- 6.2.2. **ANTICIPATIVA:** adiántanse accións ao decorrer lóxico.
- 6.2.3. **IN MEDIA RES:** non hai presentación, a narración empeza no conflito.
- 6.2.4. **IN EXTREMA RES:** comeza polo final da historia.
- 6.2.5. **CONTRAPUNTO:** entrecrúzanse varias historias durante a narración.
- 6.2.6. **CIRCULAR:** o texto comeza e remata do mesmo xeito.
- 6.2.7. **FINAL ABERTO:** renúnciase ao desenlace para que o/a lector/a o imaxine.

7. ELEMENTOS NARRATIVOS:

- 7.1. **O/a narrador/a:** conta os feitos, presenta os personaxes e sitúalos no espazo e no tempo, realiza descrições, desde un determinado punto de vista. O/a autor/a cédelle a palabra.

7.1.1. *Narrador en primeira persoa:*

- 7.1.1.1. **Eu protagonista:** o narrador é o personaxe protagonista.
- 7.1.1.2. **Eu testemuña:** o narrador é un personaxe secundario.

- 7.1.2. **Narrador en terceira persoa:** o narrador conta a historia desde fóra. Pode adoptar dous puntos de vista:

- 7.1.2.1. **Omnisciente:** o narrador sábeo todo sobre a historia e os personaxes e soe dar opinións e facer valoracións.
- 7.1.2.2. **Obxectivo:** o narrador informa do que se percibe a simple vista adoptando a perspectiva dunha cámara. Ignora o mundo interior dos personaxes e abundan os diálogos.
- 7.1.2.3. **Multiperspectivismo:** a mesma acción é narrada desde os distintos puntos de vista que representan outros tantos personaxes.

- 7.1.3. **Narrador en 2ª persoa:** o narrador reflexiona sobre o propio personaxe abandonando a primeira persoa e tomando a segunda.

- 7.2. **O tempo:** existe diferenza entre o tempo da historia (ordenado cronoloxicamente) e o tempo do discurso (ordenación dos acontecementos narrados e duración dos mesmos). Non ten que haber coincidencia entre ambos: a orde e a duración dos acontecementos da historia non teñen que coincidir cos do discurso narrativo concreto.

7.2.1. *Ordenación temporal:*

- 7.2.1.1. **Narración linear:** ordenación cronolóxica.
- 7.2.1.2. **Anacronías:** alteración da orde linear:
 - 7.2.1.2.1. **Anticipación** de acontecementos futuros ou **prolepse**.
 - 7.2.1.2.2. **Retrospección** ou salto cronolóxico cara o pasado ou **analepse**.

- 7.2.2. **Ritmo narrativo:** relación entre o tempo da historia e o tempo do relato: se a duración do tempo do relato é maior cá da historia, será un ritmo narrativo lento; se a duración do tempo do relato é menor que na historia, o ritmo narrativo é rápido.

7.2.2.1. *Técnicas de ralentización do tempo do discurso:*

- 7.2.2.1.1. **Escena:** uso do diálogo ou monólogo (tempo do discurso = tempo da historia)
- 7.2.2.1.2. **Pausa:** (tempo do discurso > tempo da historia)

7.2.2.1.2.1. *Descricións*

- 7.2.2.1.2.2. **Digresións:** introdúcense relatos secundarios que suspenden o desenvolvemento da acción principal; tamén poden ser reflexións de tipo moral, filosófico ou ideolóxico.

7.2.2.2. *Técnicas de aceleración do tempo do discurso:*

7.2.2.2.1. **Resumo**: abreviación de sucesos transcorridos en meses ou anos.

7.2.2.2.2. **Elipse**: salto temporal que evita reflectir unha parte da historia (sucesos irrelevantes ou para ocultar intencionadamente a información).

7.3. **Espazo**: lugares en que se desenvolve a acción. Implica a descrición.

7.3.1. **Espazo físico**: escenarios xeográficos, interiores, decorados, obxectos que integran o marco en que se desenvolve a acción.

7.3.2. **Espazo social**: personaxes que representan grupos sociais e profesionais co fin de dar unha visión da sociedade na que se desenvolve o relato.

7.3.3. **Espazo psicológico**: educacións, normas morais, represión... que determinan o comportamento dos personaxes. É o espazo da conciencia do personaxe.

7.4. **Personaxes**

7.4.1. **Reais/imaxinarios**: segundo haxa ou non correspondencia co mundo real.

7.4.2. **Principais/secundarios**: segundo a súa participación na acción. Os principais son: protagonista, axudantes e oponentes.

7.4.3. **Planos/redondos**: segundo o grao de complexidade psicolóxica; os planos son esquemáticos; os redondos teñen un papel importante na narración, dotados de vida interior e cunha evolución progresiva ao longo da narración.

A EXPOSICIÓN

1. **DEFINICIÓN**: presentación e explicación ordenada dun tema perante un público coa finalidade de informar.

2. **TIPOS**:

2.1. Didáctica (unha clase, unha conferencia)

2.2. Xornalística (reportaxe).

2.3. Científica (ensaio, artigo de revista científica).

2.4. Relixiosa (sermón).

3. **ESTRUTURA**:

3.1. **Introdución**: presentación dos motivos polos que se trata o tema, actualidade. Pode ser unha única frase se se trata dunha exposición breve.

3.2. **Desenvolvemento**: exposición das ideas principais e secundarias; inclúense citas, anécdotas, exemplos.

3.3. **Conclusión**: recapitulación dos puntos máis importantes, confirmación das razóns expostas, perspectivas sobre o tema...

4. **CARACTERÍSTICAS**:

4.1. Estruturas sintácticas complexas, abunda a subordinación.

4.2. Predominio dunha expresión neutral.

4.3. Léxico co seu valor denotativo, sen ambigüidades. Presenza de tecnicismos.

4.4. Abundancia de substantivos abstractos.

4.5. Ordenación clara e coherente do contido.

4.6. Presenza de exemplos e descrições técnicas.

A ARGUMENTACIÓN

1. **DEFINICIÓN:** texto en que se aportan razóns (argumentos) para defender unha opinión (tesis) coa intención de persuadir e convencer ao interlocutor.
2. **ESTRUTURA:**
 - 2.1. **Introdución:** presentación do tema que se vai tratar e introdución da tese que queremos defender. Nunha argumentación curta a introdución pode ocupar unha única frase.
 - 2.2. **Desenvolvemento:** exposición de argumentos que apoian a tese. Os argumentos poden ser de varios tipos:
 - 2.2.1. **Racionais:** verdades admitidas por todos.
 - 2.2.2. **Científicos:** baseados en probas reais.
 - 2.2.3. **De exemplificación:** con exemplos ou cifras concretos.
 - 2.2.4. **De autoridade:** fundaméntanse na opinión dunha persoa de moito prestixio.
 - 2.3. **Conclusión:** síntese dos argumentos utilizados e ideas ás que conduciron.
3. **CARACTERÍSTICAS:**
 - 3.1. Abundancia de exemplos.
 - 3.2. Emprego de termos técnicos ou terminoloxía científica.
 - 3.3. Léxico usado no seu sentido denotativo, concreto.
 - 3.4. Frecuente uso de nexos e oracións complexas e subordinadas.
 - 3.5. Ligazón das distintas partes do discurso con conectores (en primeiro lugar, finalmente, etc.)
 - 3.6. Abundancia de incisos aclaratorios.
 - 3.7. Presenza de cifras, datos e exemplos que apoian os argumentos.

ⁱ Ex.: *O amigo preguntoulle se lle contaba contos ao neno.*

ⁱⁱ Ex.: *Un día, coa mimosa cortedade dun neno que pide unha lambetada posta, como nun altar, nos máis altos andéis do armario, o avó tateou o seu capricho. El nunca vira o tren. El non quería morrer sen ver o tren. A filla e o xenro riron boamente aquela tolería. O pobre vello, non tiña volta, estaba xa un pouquiño lelo. Pasaba a vía tan lonxe! E ademais, que demos lle importaba aos seus anos ver o tren? En troques, o neno púxose de parte do avó. (R. Dieste: “O vello que quería ver o tren” en *Dos arquivos do trasno*).*

ⁱⁱⁱ Ex.: *Se se cabrea, que se cabree. A min que. Aguanto e adeus. Vaime matar ou que. Se se cabrea, ala, a beber e a cantar. Nada de berros nin barullos. Coñezo ben o choio. Nin siquera me di borracho, non, ela ben sabe. Abóndalle, aí, meu Deus, aí, meus filliños, ela ben sabe. (Carlos Casares: “Monólogo” en *Vento ferido*)*